



III PREMIOS FOUCIÑO FESTIVAL DE CINE

Os **Premios Fouciño**, que xa van pola súa terceira edición, xorden co obxectivo de premiar os dotes técnicos, artísticos e creativos do estudantado, así como de toda persoa interesada na creación audiovisual, dividíndose a participación en dúas categorías. Outro dos obxectivos que perseguen os Premios Fouciño é incrementar a presenza da lingua galega na rede.

1. PARTICIPANTES

Poderán participar todas as persoas que o desexen, independentemente da súa idade. Os participantes poden ser tanto persoas naturais ou xurídicas, como agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas que, aínda carecendo de personalidade xurídica poidan crear unha peza audiovisual. Neste último caso deberase nomear un representante ou apoderado único da agrupación, con poderes bastantes para cumprir as obrigas que lle poidan corresponder á agrupación. Neste caso, deberán facerse constar expresamente na solicitude.

Haberá dúas categorías:

***Categoría para centros de ensino:** Poderán participar a través do seu centro de ensino todos aqueles alumnos matriculados no presente curso 2017-2018. Isto inclúe centros públicos e privados en calquera dos seguintes ciclos: infantil, primaria, secundaria e bacharelato (quedan excluídos formación profesional e universitarios).

***Categoría aberta:** Poderán participar todas as persoas físicas ou xurídicas, tanto de forma individual como colectiva. Isto inclúe tamén a estudantes que queiran presentar pezas de xeito independente do seu centro de ensino.

Nota: En calquera das dúas categorías se os participantes son menores de idade é imprescindible entregar o consentimento dos pais, nais ou tutores legais cumprimentando a autorización que se xunta neste mesmo documento (Anexo I).

2. CARACTERÍSTICAS DAS PEZAS AUDIOVISUAIS

2.1. A temática das pezas é libre.

2.2. As historias deberán ser orixinais, de creación propia ou con base popular ou literaria. No caso de que a curtametraxe estea baseada nunha obra literaria, deberase acreditar as autorizacións pertinentes ao respecto dos dereitos de autoría.

2.3. Non serán admitidas as curtametraxes xa presentadas en edicións anteriores.

2.4. As pezas presentadas non poderán ter sido premiadas noutros concursos.

2.5. Os autores son os únicos responsables do contido das pezas entregadas. No caso de ser menores de idade, a responsabilidade caerá sobre o representante legal do menor.

2.6. As pezas terán unha duración máxima de 5 minutos e deberán ser en galego ou posuír subtítulos en galego.



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142

2.7. As curtametraxes deberán entregarse en formato .mov ou mp4 (codec H.264), resolución: 1920x1080 ou 1280x720, taxa máxima de transferencia de bits: 20.000kbps; audio ACC. O xurado resérvase o dereito de rexeitar unha curtametraxe pola mala calidade da imaxe e/ou son.

2.8. A organización non facilitará ningún tipo de material para a elaboración das pezas.

2.9. Todas as curtametraxes participantes deberán contar coas autorizacións e cesións de dereitos de autor e doutros titulares de obras preexistentes e orixinais que se incorporen nelas. Neste sentido, os participantes garanten que as curtametraxes non vulneran ningún dereito de explotación, nin dereitos de honra, intimidade e imaxe, nin dereitos de propiedade intelectual e/ou industrial e/ou calquera outros dereitos de terceiros e que non vulneran a lexislación vixente.

3. PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN DOS PREMIOS

Os presentes premios concederanse mediante concorrencia competitiva, na que os participantes definidos no apartado 1 poderán presentar ao concurso o número de curtametraxes que desexe. En ningún caso, a mesma peza poderá recibir máis dun premio.

O anuncio das presentes bases levarase a cabo na BDNS e no Boletín Oficial da provincia da Coruña, comezando a contar o prazo de inscrición a partir do día seguinte a aquel en que se leve a cabo a publicación no BOP.

Todas as demais resolucións e comunicacións que se produzan no expediente, publicitaranse a través da páxina do web do Concello (www.concellodezas.org) e a través da páxina de Facebook do certame (www.facebook.com/premiosfouciño) abondando a dita exposición no día que se inicie como notificación para todos os efectos.

4. NORMAS DE PARTICIPACIÓN

4.1. Para poder participar deberase facer chegar:

- * Ficha de inscrición (Anexo I) e documentación que se require nela.
- * Ficha de inscrición da curtametraxe (Anexo II)
- * Peza audiovisual ou enlace para descargar o contido.

4.2 Os participantes aceptan a difusión de imaxes ou a difusión de parte ou da totalidade da curtametraxe presentada para o concurso.

4.3 Será por conta dos participantes a autorización do autor da curtametraxe. Os dereitos de representación das curtametraxes presentadas, se así fose necesario, correrán a cargo dos grupos participantes.

5. INSCRICIÓN E DOCUMENTACIÓN.

5.1 A persoa que exerza como representante ou director da curtametraxe debe facilitar na ficha de inscrición (Anexo I): nome e apelidos e DNI, así como: o domicilio fiscal , código postal,



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142

localidade, teléfono/s de contacto, correo electrónico e CIF, no caso de que sexa unha persoa xurídica.

5.2 A persoa que exerza como representante ou director da peza debe facilitar na ficha de inscrición da curtametraxe (Anexo II): título da curtametraxe, director, xénero, duración, subtítulos, ano de produción, idioma orixinal, subtítulos, reparto (nome e apelidos dos actores), sinopse e características técnicas.

5.3 Deberase facilitar, xunto coas fichas de inscrición (Anexos I e II) a declaración responsable, consonte ao Anexo III.

5.4 É obrigatorio presentar a documentación e os datos pedidos en todos os apartados anteriores, así como de ser o caso, os que se indican deseguido.

5.5 Os finalistas deberán achegar igualmente:

* Xustificante bancario do número de conta da que sexa titular o beneficiario do premio.

* Certificado de estar ao corrente das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, ou autorización ao Concello de Zas a consultar os datos, logo de cubrir e asinar o formulario para tal autorización (Anexo IV).

A documentación requirida neste apartado pode presentarse xunto coa instancia de participación ou ben, posteriormente, cando se lle comunique, de ser o caso, que é finalista.

No caso de que presente a dita autorización debidamente asinada dende o principio, o Concello de Zas comprobarao de oficio para todas as situacións que o requiran.

No caso de non estar ao corrente perderán a condición de beneficiarios dos premios.

5.6. As solicitudes presentaranse no Rexistro do Concello de Zas ou en calquera dos medios indicados no artigo 16 da Lei 39/2015.

Cando a documentación se envíe por correo certificado, o solicitante deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de Correos e anunciar ao Concello de Zas a remisión da inscrición mediante fax ao número 981 751 142 ou correo electrónico (premiosfoucino@gmail.com) no mesmo día (achegarse copia de correos).

Sen a concorrencia de ambos os dous requisitos non será admitida a documentación se é recibida polo Concello con posterioridade á data e hora do remate do prazo sinalado no anuncio.

Transcorridos, con todo, dez días seguintes á indicada data, sen recibirse a documentación, esta non será admitida en ningún caso.

No caso de enviala por correo certificado, o enderezo postal é o seguinte:



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142

III PREMIOS FOUCIÑO FESTIVAL DE CINEMA

Concello de Zas

Praza do Campo Nº 1

15850 - Zas, A Coruña

(O horario do Rexistro do Concello de Zas é de luns a venres de 9:00 a 14:00h.)

6. PRAZO

O prazo para participar nos III Premios Fouciño comeza a contar dende o día seguinte á publicación no BOP, sendo o prazo límite de inscrición e entrega da documentación o **31 de maio** de 2018.

Rematado o dito prazo, o órgano instrutor, que será o concelleiro de Cultura do Concello de Zas, cotexará o cumprimento dos requisitos establecidos nas presentes bases, e por resolución de Alcaldía, aprobarase unha relación provisional das curtametraxes presentadas que participan no concurso. No caso daquelas solicitudes ás que lles falte documentación, terán un prazo de 5 días naturais para emendar as deficiencias existentes na documentación. Transcorrido o dito prazo publicarase a relación definitiva das pezas audiovisuais presentadas que participarán no concurso, concedéndose un prazo de dous días naturais, a efectos de reclamacións.

De non ser necesario requirir documentación, publicarase a listaxe provisional a definitiva sen necesidade de transcorrer os 5 días naturais.

7. SELECCIÓN DE FINALISTAS E XURADO

7.1. Todas as curtametraxes participantes no concurso consonte ao establecido anteriormente serán remitadas ao xurado para que realice a selección das curtametraxes finalistas, no caso da de categoría aberta, na cal se seleccionarán dez curtametraxes como finalistas e elixiranse ao mesmo tempo 3 reservas.

Pasarán á final todas as curtametraxes que se presenten na categoría de centros de ensino sempre e cando cumplan os requisitos establecidos no punto 2.

7.2 Unha vez feita a selección, o órgano instrutor formará a relación definitiva das curtametraxes finalistas que se proxectarán o propio día do festival, consonte ao establecido nas presentes bases. A dita relación publicarase na páxina web do Concello (www.concellodezas.org) así como na páxina de Facebook do certame (www.facebook.com/premiosfouciño). Ao mesmo tempo, remitiráselle as obras finalistas ao xurado que será quen elixa as curtametraxes gañadoras.

7.3. O xurado estará composto por:

- Un representante do Concello de Zas.
- Dous representantes do mundo audiovisual e da comunicación.
- Dous representantes do movemento asociativo da Costa da Morte.



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142

Para a válida constitución do xurado, será necesario a presenza mínima de tres membros.

O xurado publicárase xunto coa lista definitiva de admitidos a través da páxina web do Concello (www.concellodezas.org) e a través da páxina de Facebook do certame (www.facebook.com/premiosfouciño).

De entre os finalistas, o propio día do festival, o xurado seleccionará as curtametraxes gañadoras.

7.4. O público poderá emitir a súa valoración de cada unha das obras finalistas ao remate do seu visionado, que terá lugar o propio día do certame. A organización facilitará uns cuestionarios para puntuar do 1 ao 5 cada curtametraxe. A puntuación final será a que resulte da suma de todas as puntuacións.

8. PROXECCÍONS

A proxección das curtametraxes finalistas seleccionadas nos III Premios Fouciño terá lugar o 30 de xuño de 2018 no marco do festival, no que ,ademais, haberá concertos ao aire libre así como outras actividades paralelas. Durante o certame haberá un espazo para o acto de entrega dos premios.

No caso de que se modifique algunha data ou horario, comunicárase a través da páxina web municipal e na páxina de Facebook do certame.

O lugar das proxeccións será na vila de Baio.

9. PREMIOS

Establécense os seguintes premios:

9.1. De carácter económico: por importe de 1.000 euros que se fará efectivo previo cumprimento dos requisitos esixidos na cláusula 5.5. con cargo á aplicación orzamentaria 334.489.00 e que estarán repartidos do seguinte xeito:

- Premio da categoría de centros de ensino: 300 € en metálico para o centro de ensino + trofeo
- Premio da categoría libre: 700 en metálico para o gañador/es + trofeo
- Premio do público: trofeo
- Accésit: O xurado pode considerar outorgar un accésit a aquela peza que mostre unha alta calidade, aínda que non superior á da gañadora. O accésit consistirá nun trofeo.

Se por calquera motivo, algún dos finalistas non puidera estar presente no acto de entrega de premios, deberá nomear previamente un representante para asistir ao propio acto; a dita situación será comunicada a organización. En caso contrario perderá o dereito ao premio.

Os premios están suxeitos ás retencións legalmente establecidas.

Cada peza participante non poderá recibir máis dun premio ou mención.

Os premios aprobaranse pola Alcaldía á vista da decisión do xurado que elaborará unha acta na que conste a relación de gañadores.



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142

10. CONFORMIDADE


10. 1. Todos os participantes, polo mero feito de selo, aceptan as presentes bases na súa totalidade.

10.2 Calquera circunstancia non prevista nas bases e a súa interpretación será responsabilidade do xurado e do Concello de Zas de maneira inapelable.

Zas, a 12 de febreiro de 2018

O alcalde,

D. Manuel Muíño Espasandín





CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142

ANEXO I. FICHA DE INSCRICIÓN

Os seguintes datos deberán ser cubertos pola persoa que exerza como representante ou polo director da curtametraxe presentada:

NOME E APELIDOS:	DNI
CÓDIGO POSTAL	LOCALIDADE
TELÉFONO FIXO:	ENDEREZO ELECTRÓNICO:
TELÉFONO MÓBIL:	OUTRA FORMA DE CONTACTO:
Nº DE CONTA BANCARIA (24 díxitos)	

Ademais destes datos, é necesario enviar (sinalar cun X o que se achega):

- Anexo I debidamente cuberto
- Anexo II debidamente cuberto
- Copia en DVD/CD, lapis de memoria, tarxeta
- Enlace web no que se poida visionar a obra
- Breve historia da compañía ou grupo
- Páxina web, blogue, facebook, ...
- Xustificante bancario do número de conta onde se fará o pagamento
- Anexo III debidamente cuberto



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142

ANEXO II. FICHA DE INSCRICIÓN DA CURTAMETRAXE

TÍTULO DA CURTAMETRAXE: *	DIRECTOR/A DA CURTAMETRAXE:
XÉNERO:	DURACIÓN:
SUBTÍTULOS:	
ANO DE PRODUCCIÓN:	IDIOMA ORIXINAL:
REPARTO (NOME E APELIDOS DOS ACTORES)	
SINOPSE:	
CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS (resolución, son,...)	

* Recordámosvos que será por conta dos participantes a autorización do autor da obra. Os dereitos de representación das curtametraxes presentadas, se así fose necesario, correrán a cargo dos participantes. Ademais, deberase acreditar as autorizacións pertinentes ao respecto dos dereitos da autoría.



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142

ANEXO III: DECLARACIÓN RESPONSABLE

Dº/Dª (nome e apelidos) _____

Con DNI _____, domicilio _____

Teléfono _____, enderezo electrónico _____

Actuando (marcar o que proceda) en:

Nome propio

En representación de:

Nome/Razón social _____

NIF _____ actuando en _____ calidade de _____, para o que ostenta a capacidade necesaria,

DECLARA, BAIXO A SÚA EXCLUSIVA RESPONSABILIDADE que:

1. O grupo ao que represento atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social.
2. Nin o grupo/compañía ao que represento nin ningún dos seus membros, se atopan en ningún suposto de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de subvencións ou axudas públicas
3. Nin o grupo/compañía ao que represento nin ningún dos seus membros se atopan incursos en ningunha das prohibicións do art. 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003, xeral de subvencións.
4. Nin o grupo/compañía nin ningún dos seus membros ten obrigas pendentes por reintegro de subvencións.
5. Que autoriza o uso dos datos do grupo/compañía e o seu representante legal para calquera información que deba ser rendida en cumprimento de disposicións legais de calquera tipo.

_____, ____ de _____ de 2018

SINATURA



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142

ANEXO IV: AUTORIZACIÓN CESIÓN DE DATOS.

Dº/Dª (nome e apelidos) _____

Con DNI _____, domicilio _____

Teléfono _____, Correo electrónico _____

Actuando (marcar o que proceda) en:

Nome propio

En representación de:

Nome/Razón social _____

NIF _____

actuando en calidade de _____, para o que ostenta a capacidade necesaria,

AUTORIZA AO CONCELLO DE ZAS

A solicitar a cesión da información por medios informáticos ou telemáticos, sobre a circunstancia de estar ou non ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado e da Seguridade Social, de acordo co establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas e a Lei do imposto de sociedades e outras normas tributarias e da Seguridade Social e demais disposicións de aplicación, sempre que o órgano de contratación o estime oportuno.

Os presentes datos son certos e válidos en tanto non se lle comunique o contrario por escrito ao Concello.

_____, ____ de _____ de 2018

SINATURA